

OFICINA TÉCNICA

Ratificado o convenio que permitirá executar as obras do Centro Loxístico de Provisión e Distribución de Mercadorías da Cidade Histórica

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, como presidente do Consorcio; o concelleiro Sindo Guinarte, en representación do Concello; e o presidente de Mercasa, José Ramón Sempere, ratificaron o convenio en virtude do cal o Consorcio de Santiago se encargará da redacción do proxecto, execución de obra e dotación do Centro Loxístico de Provisión e Distribución de Mercancías para a Cidade Histórica cun importe de 4.598.000 euros. A esta cantidade súmanse os preto de 470.000 euros destinados a Uninova para o gabinete técnico. En total, algo máis de 5 millóns de euros para unha iniciativa "fundamental para a conservación da zona histórica", segundo sinalou o rexedor.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/asinado-o-convenio-que-permitira-executar-obras-do-centro-loxistico-de-provision-e>

Comezan as obras de conservación e mellora de eficiencia enerxética da fachada leste do Pazo de Raxoi

O Consorcio de Santiago iniciou nos últimos días as obras de conservación e mellora da eficiencia enerxética da fachada leste do Pazo de Raxoi, un proxecto que buscará mellorar as condicións de habitabilidade do edificio que acolle o Concello, a Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega. Farase a través da renovación de carpinterías e saneado da fachada que dá á Praza do Obradoiro.

A intervención realizará un mantemento do estado das pedras da fachada, e busca tamén renovar as carpinterías da cara leste por novas fiestras de madeira que garantan un maior illamento térmico, así como tamén a restauración dos enreixados existentes nos balcóns, a limpeza e consolidación dos elementos escultóricos da fachada e a eliminación e integración dos cables, cámaras e farois da fronte do Pazo.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/comezan-obras-de-conservacion-e-mellora-de-eficiencia-enerxica-da-fachada-leste-do-pazo-de>

PUBLICACIÓNS

O mes de febreiro trouxo a presentación de tres libros coeditados polo Consorcio



O Consorcio de Santiago presentou neste mes de febreiro tres libros: 'La Cruz Roja en Compostela. Historia de la Asamblea de Santiago' escrito por Miguel Ángel Sánchez del Río e coeditado con Andavira; 'Fondas e Hoteis da Compostela burguesa (1878-1930)' escrito por Juan David Díaz López e que foi coeditado xunto con Teófilo Edicións, e 'Sarela. Paisaxe cultural', que foi escrito por José Manuel Ortigueira Bobillo, e coeditado por Alvarellos Editora.

A primeira das publicacións recolle a descoñecida historia da benéfica institución na nosa cidade que, sen embargo, contempla algúns fitos a nivel nacional ata acadar os 125 anos de servizo que agora se fan.

Pola súa parte, en 'Fondas e hoteis da Compostela burguesa' o lector poderá atopar unha información moi completa e detallada de todo o que foi no seu día a vida hoteleira santiaguesa, ben analizada polo autor, que non só foi quen de construír un relato ameno, intenso e moi sedutor, senón así mesmo unha investigación histórica solvente e impecable como se reflexa nas moitas fontes de información que emprega.

Por último, 'Sarela. Paisaxe cultural' recolle a historia do río, así coma a explicación da conca, o clima, as pontes -algunha delas tan singulares como a dos Tres Ollos ou a da Burata-, os esquecidos petróglifos, o seu nacemento, fontes principais e lavadoiros para despois introducirse na súa flora e fauna, a agricultura e industria arredor do río, así como a arquitectura que compón a súa contorna e a literatura que xira ao longo do tempo.



EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido acolle a exposición que conmemora os 90 anos de Radio Galicia, emisora decana da comunidade

O Consorcio de Santiago inaugurou este mes a exposición que acolle a Casa do Cabido e conmemora o 90º aniversario da radio en Compostela baixo o nome 'Historias de Radio Galicia. 90 anos contigo'. Esta mostra fai un percorrido pola historia da emisora decana galega desde os seus inicios ata a actualidade.

A través das catro salas faise un percorrido polas voces históricas que compuxeron Radio Galicia ao longo dos seus noventa anos de historia, así como os seus programas, eventos e noticias. Tamén se poderán ver obxectos únicos como radios antigas da colección dos Portela Seijo e a súa gravadora de fío dos anos 40, ou a placa orixinal de EAJ-4. Na exposición, que será multimedia, os visitantes poden escanear distintos QR para escoitar audios deses noventa anos.

Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/casa-do-cabido-accolle-exposicion-que-conmemora-os-90-anos-de-radio-galicia-emisora-decana-da>



MÚSICA



O concerto didáctico Mini Mozart e tres novos programas centran a actividade da Real Filharmonía en marzo

A Real Filharmonía comezará marzo cun novo concerto didáctico, neste caso será Mini Mozart baixo a dirección de Jan Wierzbza. Despois dará paso a A Noite e o Amor, un concerto con Marc-Leroy Calatayud como director e Natalia Labourdette como soprano no que se estreará por encarga da RFG a orquestración por parte de Carme Rodríguez das cancións *Le désir*, *A Trianon* e *En Chemin de Augusta* Holmès. A seguinte semana recibiremos o director Jaume Santonja e a pianista Alexandra Dairescu. Por último, para pechar o mes, un concerto que levará por nome 'París-Roma' baixo a batuta de Diego Martín-Etxebarria.

Pola súa parte, a Escola de Altos Estudos Musicais tamén terá varias datas sinaladas na agenda. O día 18 na Sala Angel Brage do Auditorio de Galicia actuará a orquestra do Curso de Especialización Instrumental e o 20 e 22 ofreceranse concertos de cámara de alumnado do CAEO.